

Parque eólico de Paradela, no Camiño Francés, a ruta máis transitada.

As diferentes rutas de peregrinaxe que levan a Compostela poderían verse gravemente afectadas polo impacto sobre a paisaxe dos numerosos parques eólicos que inzan nas súas inmediacións. 'Nós Diario' analiza cos axentes sociais prexudicados os efectos negativos que poderían supor estes proxectos sobre a Ruta Xacobeá, que foi declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco en 1993.

Texto **Yuri Carrazoni** + Foto **Europa Press**

Os muíños axexan as rutas Peregrinar entre muíños, o futuro do Camiño de Santiago

Di o refraneiro popular que "o milagre do Camiño é que converte en máxicas as cousas normais". Milleiros de persoas peregrinan cada ano cara a Compostela impulsadas por diferentes motivacións: a espiritualidade, a desconexión do frenético ritmo da cidade, o afán de superación... Mais todas as e os camiñantes salientan o feito de poder gozar dos bens naturais e culturais que acompañan as diferentes rutas, declaradas no seu conxunto —en 1993— Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

Porén, ese patrimonio vese hoxe ameazado polo impacto dos numerosos parques eólicos que inzan nas inmediacións dos diferentes camiños que levan á capital galega. A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural da Galiza

estabelece, con base na precedente Lei 3/1996 de protección dos camiños de Santiago, un espazo protexido que abrangue dúas faixas de 30 metros de amplo contados a partir dos límites exteriores de cada vía, polo que a nivel lexislativo nada impide a instalación deste tipo de infraestruturas na súa contorna, toda vez que garde o distanciamento mínimo de 500 metros entre os aeroxeradores e as vivendas máis próximas.

Un dos casos máis soados é o dos parques eólicos Serra das Penas e Paradela, no concello homónimo, que están conectados entre si e entraron en funcionamento a finais de 2019 da man da promotora Enel Green Power. Diferentes colectivos sociais denunciaron daquela ante a Fiscalía un presunto delito de "prevaricación" por "omisión contra o patrimonio cultural

e o medio ambiente", por mor das "afeccións negativas" que lle presuponían a estes proxectos, a escasa distancia da ruta de peregrinación, sobre a Ribeira Sacra —pendente de ser declarada Patrimonio da Humanidade— e o propio Camiño, así como a ausencia de "referencia ningunha" ao impacto sobre a Ruta Xacobeá.

Francisco Almuíña, presidente da Federación Galega de Turismo Rural e da Asociación Profesional Ribeira Sacra Rural —unha das plataformas que instara a investigar o proxecto de Paradela—, sinala a *Nós Diario* o impacto destes aeroxeradores no patrimonio da ruta de peregrinación: "É evidente que estas instalacións mudan a paisaxe e teñen unha certa afección, e isto cómpre tomalo en consideración". Tamén lamenta que as Administracións "falen do

Manuel López



A. Galega de Amigos do Camiño

Victoria F. Armesto



Aldeas libres de macroeólicos

Francisco Almuíña



Fegatur

Luis Gutiérrez



Federación de A. de Amigos do Camiño

Colectivos veciñais e en defensa do patrimonio do Camiño debullan esta problemática para 'Nós Diario'.



ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DIN QUE OS EÓLICOS VAN "CONTRA OS SEUS VALORES"

despoboamento do rural e de recuperar habitantes" sen contemplar o impacto "deste tipo de instalacións".

Tamén se pronunciara en contra a Asociación Galega de Amigos do Camiño, cuxo presidente, Manuel López, afirma a este xornal estar "moi preocupado" polo inzamento de eólicos perto da Ruta Xacobeá, algo ao que se opón "rotundamente". "Os parques eólicos afectan claramente a paisaxe, recibimos queixas de peregrinos 'tradicionais' que se preguntan como permiten a presenza dos muíños tan perto do Camiño", di, e incide na importancia de "protexer o patrimonio natural e cultural".

O 'macroproyecto' do Camiño Inglés

Nas inmediateiros do Camiño Inglés a enerxética Green Capital Power proxecta o que a veciñan-

OS AEROXERADORES DE ORDES VERÍANSE DESDE AS RUTAS INGLESA, FRANCESA E DO NORTE

za afectada denomina o "macro-parque Ordes-Curtis", composto polos proxectos Gasalla, Legre e Solpor, aos que cumpriría engadir, por proximidade, Monte San Bartolomé —Endesa—, e Abrente —tamén de Green Capital—. Este último conta cun informe desfavorábel da Xunta, ao que tivo acceso este xornal, no que se insta a "buscar outro emprazamento" para cinco aerogeradores que afectarían os

"bens do patrimonio natural", e destaca que o deseño do parque no seu conxunto "afecta negativamente o Camiño do Norte".

"A empresa di que non hai impacto porque o solo [no que se asentarían os aerogeradores] non está protexido, mais o seu impacto vai máis aló do solo", afirma en conversa con *Nós Diario* Victoria Fernández-Armesto, avogada, socia da Casa Grande de Xanceda e membro da plataforma Aldeas Libres de Macroéólicos. O muíño máis próximo ao Camiño, do parque Solpor, estaría a un quilómetro de distancia.

Porén, o impacto visual é maior: "Persoas expertas en paisaxe concluíron que os aerogeradores, de 200 metros de altura, poderían verse de forma nítida a 15 quilómetros á redonda, mais os eólicos mariños instalados recentemente na costa portuguesa,

dunhas dimensións semellantes, poden percibirse desde Tui a 60 quilómetros de distancia. O macro-parque de Ordes sería visíbel desde as rutas inglesa, francesa e do norte", salienta. Aliás, as liñas de alta tensión atravesarían as rutas.

Neste senso, lamenta que o Camiño perda a súa "esencia": "A xente faino por razóns diversas, mais todo o mundo destaca a contorna e a calma, escoitar a brisa do vento, os paxaros... Pensar que este traxecto, pasando polas mesmas árbores e montañas que millóns de persoas durante os últimos 1.000 anos é o que fai máxica a experiencia do Camiño. Mais se agora vas camiñando e topas cun treito que semella unha zona industrial, co ruído dos rotores e as pas e vendo unicamente muíños ao teu redor, quizais decidas saltar a etapa".

Isto podería supor unha "gran perda de valor" para o medio rural: "Haberá menos peregrinos, menos turistas, menos consumo na restauración... O impacto económico é evidente", sostén Fernández-Armesto.

A escasos quilómetros en dirección leste atópase o complexo eólico previsto no Monte Gato, que conformarían tres parques de Greenalia e outros tantos de Galenergy. Este xornal recolleu recentemente as denuncias da veciñanza afectada sobre a "falta de información" durante a negociación pola venda dos terreos e a "fragmentación artificial" dos parques, así como as consecuencias negativas que estes aerogeradores terían sobre dúas rutas, o Camiño Inglés e o do Norte.

"É ilusorio pretender que este tipo de instalacións non terán apenas impacto na Ruta Xacobeá, e non pode entenderse como, en pleno Xacobeo 2021,

pode proporse a tramitación de tales proxectos, cun declarado impacto visual sobre unha das mellores paisaxes do norte galego", censurou o colectivo.

Os "Amigos do Camiño"

A febre eólica chegou tamén nos últimos meses ao Bierzo, onde o pasado abril se rexistraron máis de 3.000 alegacións contra o parque eólico Trabadelo, que atravesaría o sendeiro que desemboca en Compostela. Máis dunha decena de asociacións en defensa deste ben patrimonial denunciaron que iría "contra os valores" do mesmo.

Luis Gutiérrez, presidente da Federación de Asociacións de Amigos do Camiño, debulla para este xornal a súa postura: "De momento non hai ningún proxecto aprobado, mais non toleraremos que non se garden as distancias oportunas ou que haxa afeccións ao patrimonio arqueolóxico", xustifica, e salienta que nalgúns treitos do Camiño vense muíños "á esquerda e á dereita nas montañas".

Gutiérrez ve lóxicas este tipo de infraestruturas polas "necesidades da sociedade", mais advirte que os eólicos "van rachar a paisaxe en si e provocar alteracións".

O precedente de anulación de Sasdónigas

O Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG) tombou en novembro do pasado ano o parque eólico Sasdónigas, promovido por Norvento en Mondoñedo, debido a que o "desmembramento" do proxecto en dous parques impedira avaliar correctamente o seu impacto, así como que a declaración de impacto ambiental non valoraba "correctamente" a afección directa sobre o Camiño.